

Bo día:

Lembrámosvos que o próximo 30 de xullo remata o prazo de inscrición para os seguintes cursos do Consello da Avogacía Galega:

### Curso de Marketing orientado á Avogacía (50 horas)

Se queres aprender a:

- Captar novos clientes.
- Manter os clientes que xa tes.
- Diferenciarte da competencia.
- Darte a coñecer.

Interésache este curso. Integramente en liña, o temario impartirase mediante dúas metodoloxías:

1. Contidos teóricos: todo dispoñible na aula virtual para que, desde que te matricules, poidas comezar a formación ao teu ritmo. Os cuestionarios de autoavaliación permitiránche avanzar no programa formativo sen ter que agardar por correccións.
2. Clases en liña (optativas, non obrigatorias para acadar o título): da man dunha das máis reputadas especialistas en comunicación de despachos: [Lidia Zommer](#). As clases terán lugar no mes de novembro, pero facilitaranse as gravacións das mesmas para quen non poida asistir ou para quen desexe a súa visualización a posteriori.

### **Información sobre inscrición:**

- Prezo:
  - 70 € Colexiados/as exercentes e non exercentes dos Colexios da Avogacía galegos.
  - 50 € Alumnos/as do Mestrado da Avogacía e alumnado de Dereito das universidades galegas.
- Lugar de matrícula: <https://formacion.avogacia.gal> .
- Prazo de inscrición: 30 de xullo.
- Prazo para a realización do curso: 17 de decembro.

### Curso de Compliance Penal (70 horas)

Neste curso abórdanse todos os aspectos relacionados co Compliance (programas de cumprimento da legalidade), comezando co estudo da responsabilidade penal da persoa xurídica, pasando pola figura do Compliance Officer e os plans de prevención de riscos penais, e rematando coa defensa penal corporativa.

O temario pódese consultar desde o momento da matrícula e complementase con documentación de apoio e lexislación. As dúbidas formuladas no foro do curso serán atendidas por **Daniel Roberto Garrido Pazos**, avogado con formación e experiencia profesional en cumprimento normativo.

### Información sobre inscrición:

- Prezo: 50 €, tanto para colexiados/as exercentes coma non exercentes dos Colexios da Avogacía galegos e alumnos/as do Mestrado de Acceso á Avogacía.
- Lugar de matrícula: <https://formacion.avogacia.gal>.
- Prazo de inscrición: 30 de xullo.
- Prazo para a realización do curso: 17 de decembro.

Achegamos cartaces e guías dos cursos, agradecéndoos a súa máxima difusión.

Para calquera dúbida, podedes contactar co Consello no enderezo electrónico [redes@avogacia.gal](mailto:redes@avogacia.gal) e no teléfono 981121893.

Un cordial saúdo

**Verónica Pajón Jacobo**  
Formación e Redes Sociais

Consello da Avogacía Galega  
Federico Tapia, 11, 1ºA - 15005 - A Coruña  
avogacia.gal - [redes@avogacia.gal](mailto:redes@avogacia.gal) - T. +34 981 121 893

---

#### Información adicional

O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA é o Responsable do tratamento dos datos persoais do Interesado e infórmalle que os seus datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RGPD), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Fins e lexitimación do tratamento: os datos trátanse para atender consulta, recibir e realizar peticións e xestionar os envíos de comunicacións sobre os servizos e de acordo ás funcións encomendadas ao responsable, en base ao interese lexitimo (RGPD, art. 6.1. f) e de acordo ao disposto no artigo 22.1 da LSSI.

Fonte de procedencia: os datos proceden do propio interesado, outras persoas da súa empresa ou colaboradores, fontes de acceso público e a axenda corporativa.

Categorías de datos tratados: refírense á dirección de correo electrónico e outros datos de contacto proporcionados nas firmas dos email e nos seus adxuntos.

Criterios de conservación dos datos: conservaranse durante non máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin manterase durante o prazo legal para cumprimento de obrigacións e atención de responsabilidades.

Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obrigación legal e sempre que resulte necesaria tal comunicación en base á relación xurídica co interesado e/ou en cumprimento dos acordos de prestación de servizos cos encargados do tratamento.

#### Dereitos que asisten ao Interesado:

Dereito a retirar o consentimento en calquera momento, así como o dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e dereito á limitación ou oposición ao seu tratamento. Tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de control ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

#### Datos de contacto para exercer os seus dereitos:

CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA. Rúa Federico Tapia, 11 1º A - 15005 - (A Coruña). Email: [consello@avogacia.gal](mailto:consello@avogacia.gal)